



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 13 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00031206A.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00025666Y.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-08 por importe de 2.155.000,00 euros e de suplemento de crédito 2022-SUPLE-05 por importe de 1.520.000,00 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-08 para a realización de actividades no ámbito da cultura e comercio, a redacción de estudos comerciais e para a concesión de axudas no ámbito do emprego, da cultura, e da promoción económica por un importe total de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA E CINCO MIL CATROCENTOS VINTE E SETE EUROS (2.155.000,00 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

SEGUNDO: aprobar o expediente de suplemento de crédito nº 2022-SUPLE-05 para a realización de actividades no ámbito da lingua galega e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local e para o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións veciñais por un importe total de UN MILLÓN CINCOCENTOS VINTE MIL EUROS (1.520.000,00 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito n.º 2022-SUPLE-05, se contra él non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-08 e suplemento de crédito 2022-SUPLE-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.